

MATERIA
Contabilidade Financeira II

unidade
didáctica
5

TITULACIÓN
Grao en Administración e Dirección de Empresas

Transformación, fusión e escisión

María Milagros Vivel Búa

Área: Economía Financeira e Contabilidade

Departamento: Departamento de Economía Financeira e Contabilidade

Facultade: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ADVERTENCIA LEGAL: reservados todos os dereitos.
Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia, dixitalización ou outros) sen consentimento expreso e escrito dos editores.

DESCATALOGADO

© Universidade de Santiago de Compostela, 2013



Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.gl>

Deseño e maquetación

J. M Gairí

Edita

Vicerreitoría de Estudantes,
Cultura e Formación Continua
da Universidade de Santiago de Compostela
Servizo de Publicacións
da Universidade de Santiago de Compostela

ISBN

978-84-15876-42-7

MATERIA: Contabilidade Financeira II

TITULACIÓN: Grao en Administración e Dirección de Empresas

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. Fundación de sociedades

Unidade II. Modificacións na cifra de capital: ampliación e redución

Unidade III. Emisión de empréstitos

Unidade IV. Disolución, liquidación e situacións concursais

Unidade V. Transformación, fusión e escisión

Transformación

Fusión

Escisión

ÍNDICE

Presentación

Os obxectivos

Os principios metodolóxicos

Os contidos básicos

1. Transformación
2. Fusión
3. Escisión

Actividades propostas

Avaliación da UD

Anexos

- Anexo 1
- Anexo 2
- Anexo 3

Bibliografía

PRESENTACIÓN

A empresa non é un ente estático e, polo tanto, a súa propia estrutura pode experimentar alteracións significativas ao longo do tempo. Así, unha sociedade mercantil pode levar a cabo un proceso de transformación co obxectivo de modificar a súa estrutura xurídica, adoptando unha forma social diferente á orixinal. Este proceso de transformación constitúe o primeiro punto de análise neste tema.

A continuación, deben considerarse outras operacións sociais relevantes que o Plan Xeral Contable español identifica como “combinacións de negocios”. Este é o caso, entre outros tipos, das fusións e das escisións, que configuran os outros dous puntos fundamentais de estudo do tema. En concreto, a fusión permite que dúas ou máis sociedades agrupen a totalidade ou unha parte do seu patrimonio. Pola súa banda, a escisión supón a estratexia contraria, isto é, a redución da dimensión da empresa a través da separación de todo ou parte do seu patrimonio que xeran *per se* novas sociedades.

Os contidos desenvolvidos na unidade enmárcanse no eido da contabilidade de sociedades. Polo tanto, este tipo de contabilidade aplica as normas que regulan a contabilidade financeira ao rexistro das operacións que realizan as sociedades mercantís, tendo en conta o marco legal ao que están suxeitas. A unidade está deseñada para ser desenvolvida en 6 horas distribuídas en 2 horas de sesión expositiva e 4 horas de sesión interactiva.

OS OBXECTIVOS

Os obxectivos xerais que a presente unidade didáctica pretende acadar son:

- Coñecer o marco legislativo ao que están suxeitas as modificacións patrimoniais nas sociedades anónimas españolas.
- Identificar e contabilizar operacións estruturais en sociedades anónimas.
- Valorar a importancia e idoneidade de determinadas operacións mercantís.

En canto aos obxectivos específicos, o desenvolvemento desta unidade quere contribuír a que o alumno sexa capaz de:

- Delimitar conceptualmente os procesos de transformación, fusión e escisión de sociedades mercantís.
- Identificar o marco xurídico aplicable nos procesos de transformación, fusión e escisión de sociedades mercantís.
- Identificar as formas de transformación dunha sociedade mercantil e os requisitos asociados.
- Identificar a tipoloxía existente nos procesos de fusión e escisión de sociedades mercantís.
- Elaborar as anotacións contables propias dos procesos de transformación, fusión e escisión de sociedades mercantís.

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Neste unidade didáctica continúaase a aplicación da metodoloxía empregada en unidades anteriores. En particular, emprégase unha estratexia docente baseada en dous eixos: a lección maxistral e a resolución de actividades prácticas.

Deste xeito, o docente proxectará unha presentación para a exposición dos contidos teóricos, que estará a disposición dos alumnos no campus virtual da USC previamente o seu emprego na aula. Aplicarase a técnica de “papel ao minuto” (*one minute paper*) ao finalizar cada unha das dúas sesións expositivas previstas co obxecto de identificar e resolver calquera dúbida sobre os contidos [ver anexo 2].

Posteriormente, resolveranse diferentes actividades prácticas cos obxectivos de, por unha banda, consolidar a comprensión dos contidos teóricos propios da unidade e conectalos coa realidade económica [ver anexo 1], e por outra, aprender a poñelos en práctica baixo unha perspectiva contable. Cabe salientar que unha parte destas actividades serán resoltas polo profesor, e outra polos alumnos, individualmente e en parella. Ao mesmo tempo, vanse facilitar, a través do campus virtual, varias referencias bibliográficas con cuestións prácticas a resolver polo alumno individualmente como traballo persoal fóra da aula. As titorías presenciais e virtuais serán empregadas para resolver calquera dúbida ou problema.

En conxunto, esta metodoloxía permitirá traballar a discusión. Así, o profesor fomentará un debate cos alumnos sobre as fases seguidas no desenvolvemento das diferentes actividades propostas. Ademais, faranse diferentes preguntas aos alumnos para interpretar colectivamente os resultados e construír, de xeito crítico, unhas conclusións.

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Transformación

A transformación dunha sociedade mercantil defínese como o proceso que modifica a súa forma social noutra con recoñecemento legal. Nesta operación estrutural no se produce a perda da súa personalidade xurídica. En particular, unha sociedade mercantil pode transformarse noutra sociedade mercantil, nunha agrupación de interese económico, ou nunha sociedade cooperativa, entre outras. O marco xurídico que regula a transformación de empresas é a Lei 3/2009, de 3 de abril, de modificacións estruturais de sociedades mercantís (LME). En cumprimento deste marco xurídico, esta operación sempre debe ser aprobada en xunta xeral de accionistas e, posteriormente, tamén debe ser publicada no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORM) e nun dos xornais con maior difusión na provincia onde estea o domicilio social da empresa. Ao mesmo tempo, a nova sociedade debe ser creada con escritura pública e inscribirse no Rexistro Mercantil. Cómpre sinalar que os artigos 11, 12, 15 e 21 regulan os dereitos, obrigas e responsabilidade dos accionistas dunha sociedade anónima que decide

transformarse. Ademais, o artigo 13 regula os supostos nos que a sociedade que realiza unha operación de transformación ten obrigas financeiras emitidas.

Para coñecer o tratamento contable dunha operación de transformación nunha sociedade anónima, e tamén ampliar os contidos teóricos, empregárase esta referencia bibliográfica:

- ✓ Besteiro (2012): capítulo 14, páxinas 409-428.

2. Fusión

A fusión é o proceso xurídico polo que dúas ou máis sociedades mercantís se integran nunha única sociedade mediante a transmisión en bloque dos seus patrimonios e a atribución aos socios das sociedades que se extinguen de accións, participacións ou cotas da sociedade resultante, a cal pode ser de nova creación ou unha das sociedades que se fusionan. Polo tanto, esta operación supón a disolución dunha ou máis empresas sen a súa liquidación. En concreto, a sociedade que se dissolve entrega o seu activo e pasivo a outra sociedade e os seus accionistas reciben como pagamento accións, participacións ou cotas da sociedade resultante.

Ao igual que as transformacións, o marco xurídico que regula as fusións de empresas é a LME. A partir do mesmo, pódense identificar dous tipos de fusión:

- *Fusión por creación dunha nova sociedade*, que implica a extinción de cada unha das sociedades que se fusionan e a transmisión en bloque dos seus patrimonios á nova sociedade, a cal adquirirá os dereitos e obrigas das sociedades absorbidas.
- *Fusión por absorción* dunha ou máis sociedades por outra xa existente.

Para coñecer o tratamento contable dunha operación de fusión, así como ampliar os contidos teóricos, empregárase esta referencia bibliográfica:

- ✓ Besteiro (2012): capítulo 15.

3. Escisión

A escisión é un proceso xurídico que supón a fragmentación total ou parcial do patrimonio dunha sociedade en dúas ou máis partes, transmitindo en bloque cada fracción patrimonial escindida a unha ou varias sociedades existentes ou de nova creación, mediante a atribución aos socios da sociedade escindida de accións ou participacións da sociedade ou sociedades beneficiarias (Besteiro, 2012).

O regulamento xurídico deste tipo de operacións recóllese na LME, a cal identifican tres tipos de escisión:

- *Escisión total*, que se define como a extinción dunha sociedade con división de todo o seu patrimonio en dúas ou máis partes, cada unha das cales transmítese en bloque por sucesión universal a unha sociedade de nova creación ou é absorbida por unha sociedade xa existente. Os socios da sociedade escindida reciben accións, participacións ou cotas das sociedades beneficiarias de forma proporcional a súa participación na sociedade escindida.
- *Escisión parcial*, que supón o traspaso en bloque por sucesión universal dunha ou varias partes do patrimonio dunha sociedade, cada unha das

cales forma unha unidade económica, a unha ou varias sociedades de nova creación ou existentes. Os socios da sociedade que se escinde reciben un número de accións, participacións ou cotas sociais das sociedades beneficiarias da escisión, proporcional a súa respectiva participación naquela sociedade, a cal reduce o seu capital social no importe necesario.

- *Segregación*, que implica o traspaso en bloque por sucesión universal dunha ou varias partes do patrimonio dunha sociedade, cada unha das cales forma unha unidade económica, a unha ou varias sociedades. A diferenza da escisión parcial, é a sociedade segregada a que recibe accións, participacións ou cotas das sociedades beneficiarias.

Agora ben, independentemente do seu tipo, para realizar un proceso de escisión é imprescindible que as accións da sociedade escindida estean integramente desembolsadas.

Para coñecer o tratamento contable dunha operación de escisión, así como ampliar os contidos teóricos, empregárase esta referencia bibliográfica:

- ✓ Besteiro (2012): capítulo 16.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

As diferentes actividades realizaranse nesta unidade didáctica teñen por obxecto, en primeiro lugar, espertar o interese dos alumnos sobre os contidos a través da súa conexión coa realidade empresarial. Neste senso, comentarase diversas novas recollidas por distintos medios de comunicación relativas aos procesos de transformación, fusión e escisión de empresas.

Posteriormente, realizaranse actividades que pretenden desenvolver os contidos baixo unha perspectiva práctica e asociada á normas contables que rexen estes procesos empresariais. As fontes bibliográficas dos mesmos estarán dispoñibles previamente no campus virtual da materia [ver anexo 3]. A súa resolución será individual e colectiva, motivando ao alumno á explicación da súa resolución ao resto de compañeiros, e fomentando unha crítica dos resultados obtidos. A maiores, váise facilitar ao alumno unha listaxe de exercicios que debe resolver individualmente fóra da aula [ver anexo 3]. Calquera dúbida ou comentario sobre os mesmos serán resoltos nas sesións de titorías.

Cómpre tamén situar nesta fase de desenvolvemento teórico da unidade, a realización dos cuestionarios de “papel ao minuto” deseñados para estes contidos e que foron sinalados no apartado de metodoloxía [ver anexo 2].

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

A avaliación desta unidade didáctica vaise realizar ao longo de tres fases:

- **Avaliación inicial:** o profesor avaliará os coñecementos previos dos alumnos en lexislación relacionada coas combinacións de negocios que se van analizar nesta unidade, isto é, transformacións, fusións e escisións.
- **Avaliación procesual:** avaliarase a participación do alumno e as actividades resoltas durante o desenvolvemento das sesións expositivas e interactivas. En particular, o profesor levará un rexistro da participación de cada alumno na aula, e tamén supervisará as diferentes actividades que faga, individual e/ou colectivamente, na aula e como traballo persoal fóra dela. Calquera dúbida ou problema serán resoltos nas sesións de tutorías. Estes dous ítems supoñen un 30% da nota final (15% para a participación en clase e 15% para a realización de actividades prácticas).
- **Avaliación final:** consistirá na realización dunha proba escrita composta dunha parte teórica e outra práctica. O alumno deberá obter unha puntuación mínima en cada parte para superar o exame, o cal supón un 70% da nota final.

ANEXOS

Anexo 1

- **ACTIVIDADE 1:** procurar na prensa escrita novas relacionadas cos procesos de transformación, fusión e/ou escisión de sociedades mercantís españolas. Condicións: é unha tarefa individual. Debe entregarse un documento coas fotocopias dos anuncios indicados na sesión interactiva [poñer data]. Nesta copias debe estar subliñado o lugar onde aparece a referencia expresa ao proceso de reestruturación empresarial sinalado.
- **ACTIVIDADE 2:** identificar os procesos de fusión que se fixeron nas caixas de aforro españolas, así como as causas que puideron motivalos. A partir desa información, elaborar Condicións: é unha tarefa en parella. Entregar un documento escrito que recolla un comentario crítico, cunha extensión que non pode ser superior a 1.000 palabras, valorando a importancia e consecuencias que estas fusións tiveron e teñen para o sistema financeiro español. Posteriormente, comentar na sesión interactiva [poñer data].

- ACTIVIDADE 3: elaborar unha listaxe de preguntas e as súas respostas correspondentes sobre os contidos da unidade. En concreto, deben deseñarse 5 cuestións tipo test de verdadeiro/falso e, posteriormente, explicar a solución correcta.

Nota: non poden ser cuestións literalmente copiadas das diapositivas empregadas na exposición da unidade. Tampouco poden ser de resposta evidente, isto é, deben ter certo grao de elaboración/reflexión (factor que inflúe notablemente na súa valoración).

Condicións: é unha tarefa individual. Debe entregarse un documento escrito coa resolución na sesión interactiva [poñer data].

Anexo 2

- PAPEL AO MINUTO Nº 1
 1. ¿Que sabes dun proceso de fusión empresarial? [máximo dúas liñas].
 2. Nos procesos de extinción dunha sociedade, as sociedades beneficiarias poderán ser dun tipo mercantil diferente o da sociedade extinguida. ¿Verdadeiro ou falso?
 3. Os procesos de transformación de sociedades mercantís están regulados no Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital (TRLSC) ¿Verdadeiro ou falso? Xustifica a túa resposta nun máximo de dúas liñas.
- PAPEL AO MINUTO Nº 2
 1. Das modalidades de escisión analizadas na clase, ¿cal che consideras máis complexa ou difícil e por que? [máximo dúas liñas]
 2. O proceso de transformación dunha sociedade non supón a súa disolución nin tampouco a súa liquidación. ¿Verdadeiro ou falso?
 3. Unha fusión supón a disolución dunha ou máis empresas pero non a súa liquidación. ¿Verdadeiro ou falso? Xustifica a túa resposta nun máximo de dúas liñas.

Anexo 3

- LISTAXE DE EXERCICIOS QUE SERÁN RESOLTOS NA AULA
 - Transformación:
 - Exemplos 8 e 9 do capítulo 7 Fernández e Álvarez (2010).
 - Fusión:
 - Exemplos 6 e do 8 ao 12 do capítulo 11 Fernández e Álvarez (2010).
 - Escisión:
 - Exemplos 4, 5 e 6 do capítulo 12 Fernández e Álvarez (2010).

- LISTAXE DE EXERCICIOS QUE SERÁN PROPOSTOS COMO TRABALLO PERSOAL FÓRA DA AULA
 - Fusión:
 - Exemplos 1 e 2 do capítulo 13 de Torvisco e Olías (2010).
 - Exercicios 83, do 85 ao 88, e 96 de Romano e Cea (2010).
 - Escisión:
 - Exercicios do 98 ao 100 de Romano e Cea (2010).

BIBLIOGRAFÍA

- BESTEIRO, María avelina (2012): *Contabilidade de sociedades*, Ed. Pirámide, Madrid.
- FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, Fernando javier E ÁLVAREZ CARRIAZO, José Luis (2010): *Contabilidade de Sociedades (adaptada al nuevo PGC)* (3ª edición), Ed. Cef, Madrid.
- LEI 3/2009 do 3 de abril sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís. Dispoñible no Boletín Oficial do Estado (www.boe.es).
- REAL DECRETO 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade. Dispoñible no Boletín Oficial do Estado publicado o 20 de novembro de 2007 (www.boe.es)
- REAL DECRETO 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas e os criterios contables específicos para Microempresas. Dispoñible no Boletín Oficial do Estado publicado o 21 de novembro de 2007 (www.boe.es).
- ROMANO APARICIO, Javier E CEA GARCÍA, José Luis (2010): *Contabilidade de Sociedades (casos prácticos)* (6ª edición), Ed. Cef, Madrid.
- TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE SOCIEDADES DE CAPITAL (TRLSC) aprobado polo Real Decreto 1/2010. Dispoñible no Boletín Oficial do Estado publicado o 3 de xullo de 2010 (www.boe.es).
- TORVISCO MANCHÓN, Beatriz E OLÍAS DE LIMA Y HERAS, Rosa (2010): *Fundamentos de contabilidade de sociedades*, Ed. Pirámide, Madrid.
- LEI 3/2009, DE 3 DE ABRIL, SOBRE MODIFICACIÓNS ESTRUCTURAIAS DAS SOCIEDADES MERCANTÍS, Boletín Oficial do Estado de 4 de abril de 2009.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA